

10.000 persoas acudiron
ao XIX Festival de Cans

Páxina III

V Feira do Pan
do Porriño

Páxina V

Mos xa ten letra para
o seu himno

Páxina VI

Salceda terá Mesa Local
de Violencia de Xénero

Páxina VII

Reprodución do
diploma de Fernando II
para a Catedral de Tui

Páxina VIII

Axenda Urbana de Tui
reúnese coas parroquias

Páxina IX

XXX Festa da Langosta
e da Cociña Mariñeira
da Guarda

Páxina X

Segunda fase das obras
da EP-3303
Tabagón-Goñán

Páxina XII



Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño achégase a Portugal

páxina XI

Entrevista



Alejandro Bacelo | Co-CEO e co-fundador da
empresa EnPEzas

**"Cando creamos EnPEzas
tiñamos claro que debía ser
aquí no Porriño"**

Páxina II



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Servizos técnicos forestais
e obra do rural



Xirela

Azorín, 9 Estudo - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Alejandro Bacelo | Co-CEO e co-fundador da empresa EnPEzas

"Cando creamos EnPEzas tiñamos claro que debía ser aquí no Porriño"

Fundada en 2019 e con sede no Polígono Industrial A Granxa (O Porriño), EnPEzas Edificación Modular é unha empresa pioneira neste sistema construtivo que permite acortar prazos e reducir a inversión económica

apostando pola arquitectura ecolóxica e instalacións eficientes. Recentemente obtivo unha licitación para construír unha gardería 3D en Cantabria. Falamos co seu CEO e co-fundador Alejandro J. Bacelo.

Cando e como se orixina EnPEzas?

Este proxecto como tal naceu fai dous anos e seis meses, aínda que eu xa viña con esta idea dende fai catro ou cinco anos. Tras realizar un FP Superior en Vigo, acabei estudando apareladores na Coruña compatibilizando o estudo co traballo en dúas empresas de construción industrializada. Toda vez, un punto de inflexión para levar a cabo a empresa foi cando o meu pai, que é construtor, sufriu un accidente e iso cambioume as perspectivas de querer facer algo diferente á construción tradicional, sempre con afán emprendedor e buscando as alternativas que ofrecía o mercado da madeira industrializada. Desafortunadamente, a fusión entre a madeira industrializada e a visión da construción tradicional naceu EnPEzas.

Como foi impulsar este proxecto pioneiro, a primeira escola infantil en entramado lixeiro en 3D?

Este proxecto realmente saíu dunha licitación pública. Nós presentámonos á licitación e comentámoslle ao Concello de Polanco (Cantabria) sobre a posibilidade de facer a construción en 3D, aquí en fábrica, e trasladala en

camións. Inicialmente estaba pensado para facer en 2D, en paneis directamente en parcela. Aceptaron e comezamos a facelo sabendo ó mesmo tempo que era un proxecto pioneiro, aínda que non agardamos que tiveran tanta publicidade.

Que vantaxes ten a edificación modular en entramado lixeiro?

As vantaxes son tres bloques principais. O primeiro é a calidade do produto. Nós estamos aquí nunha nave, con catro técnicos na oficina que permite ofrecer unha calidade moi alta do produto. O segundo bloque é o tema do custo, que é moito máis controlado aínda que se pense que este tipo de construción é máis barato, cousa que non sempre é así. O terceiro e último bloque sería o tema de tempos. Ao estar nunha nave non afecta en absoluto o tema da climatoloxía polo que podemos traballar por turnos, de luns a domingo, acortando así os tempos nun 200% respecto ao modelo tradicional.

Tes outros pedidos similares a nivel estatal e internacional?

Coa gardería en Cantabria logramos abrir mercado. Actualmente temos máis pedidos a nivel privado, principalmente en Galicia

e estamos tentando abarcar tamén España. Noutros países, en principio non pero no noso plan de expansión de aquí a cinco anos sería Portugal.

É un selo distintivo da empresa apostar pola arquitectura de carácter ecolóxico?

"En EnPEzas consideramos que o tema ecolóxico e sostible tiña que ser unha referencia"

Si. A construción tradicional leva moitos anos igual, estaba claro que había que darlle un novo impulso e buscar ese cliente esixente que está disposto a pagar máis por ter algo diferente. Cando fundamos EnPEzas consideramos que o tema ecolóxico e sostible tiña que ser unha referencia e estamos nesa liña. Por exemplo, usamos pinturas hipoalérxicas, consultando sempre aos nosos clientes por se teñen algún tipo de alerxias a algún produto, así como tamén verificar a silicona que utiliza o fontaneiro que ven a traballar aquí, entre outras cousas. Iso implica que temos que controlar absolutamente todo,



cun maior traballo de oficina.

Que outros proxectos leva a cabo EnPEzas?

Temos catro liñas de negocio principais. A primeira é o tema residencial, vivendas, que ocupa o 60%. Logo desenvolveremos proxectos a nivel vacacional, cabanas de aluguer turístico, temos pedidos para Redondela e A Coruña. Temos tamén o que denominamos a gama industrial a nivel de oficinas de empresa, que proximamente promoveremos a través das redes sociais. A última liña sería a comercial, como son os casos das garderías, centros de día e recreativos e calquera tipo de construción para uso público.

Con emprendementos como as de EnPEzas, podemos apostar con que O Porriño se converta nun centro tecnolóxico e industrial de envergadura a nivel nacional e internacional?

O Porriño ten moitas cousas positivas. Está moi ben comunicado, ten moitos espazos e servizos. Cando nós creamos EnPEzas tiñamos claro que tiña que ser aquí no Porriño polo feito de que somos de aquí pero tamén por razón de imaxe de crecemento, de accesos, de proximidade, a pesares de que podía ser máis económico ir ao Norte de Portugal. Unha mostra de esta aposta polo Porriño é que nós comprámoslle produtos a empresas do arredor e deste polígono industrial. E tamén apreciamos a aposta por parte do Concello do Porriño en axudas aos proxectos de emprendemento industrial que se desenvolven aquí.

FUCO PRADO



Rematadas as obras de saneamento que darán servizo a nove vivendas en Cans

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, acompañado polos edís Ramón Porto e José Carlos González, visitaron o lugar de Eidos do Medio, en Cans, para comprobar xunto aos veciños e veciñas da zona o resultado das obras de ampliación da rede de saneamento recentemente executadas.

O obxectivo principal destas obras, que contaron cun orzamento de 65.806 euros, foi dotar a nove vivendas de conexión ao saneamento municipal mediante a construción dunha rede de saneamento que recolle as augas residuais xeradas polas mesmas.



“Dende o Concello, e en especial dende a concellería de Vías e Obras, estamos pendentes da evolución e do resultado final das actuacións que se acometen, e para iso é esencial escoitar tamén as valoracións e opinións dos veciños”, explicou o alcalde,

“Traballamos para dar solución ás necesidades da veciñanza e iso require que traballemos da súa man, por e para eles”.

Con ese obxectivo, o rexedor e os edís recolleron as peticións dos veciños/as e analizaron novas vías de actuación na zona.

Abre a inscrición para os campamentos de verán do Porriño

Ata o 13 de xuño permanecerá aberto o prazo de inscrición nos campamentos organizados polo Concello do Porriño para favorecer a conciliación laboral e familiar durante as vacacións escolares.

A concellería de Igualdade, que dirixe Carolina González, impulsa este Campamento de Verán dirixido aos rapaces erapazas de idades comprendidas entre os 3 e 12 anos cumpridos como medida non só de conciliación senón tamén de inclusión.

A actividade desenvolverase dende o 4 de xullo ao 12 de agosto de 9 a 14 h en instalacións municipais.

As persoas interesadas poderán apuntarse cubrindo a folla



de inscrición que se atopa no CIM (terceiro andar do Concello do Porriño) e colgana na páxina web. Pode presentarse presencialmente ou rexistrarse por sede electrónica.

Haberá 3 quendas, unha por quincena, cun número de prazas limitado de 40 cada unha. As prazas cubriranse por orde de inscrición agás no caso de que o número de solicitudes sexa maior que o das prazas ofertadas, en cuxo caso se valorará segundo baremo que se subirá á páxina web do Concello.

I Quedada Literaria no Parque Alba



Aredor de 400 alumnos e alumnas de once centros educativos do Porriño participaron na primeira edición da Quedada Literaria organizada polas bibliotecas dos centros participantes en colaboración coa Concellería de Educación e a OMIX.

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, e a concelleira de Educación, Carolina González, achegáronse a compartir con todos eles a xornada, na que se realizaron actividades de lectura individual, compartida, de recomendacións e tamén dunha merenda conxunta. O grupo Migallas puxo o broche final a esta xuntanza literaria.

10.000 persoas acudiron ao XIX Festival de Cans



O XIX Festival de Cans recibiu máis de 10.000 persoas no seu regreso ás datas primaverais. A principal afluencia de xente produciuse no Espazo Estrella Galicia da Leira do Río. Os concertos nocturnos de Amparanoia e Dakidarria encheron a carpa desta localización cunhas 1.500 persoas contabilizadas entre o público. Foron, xunto coa actuación de Los Vinagres, os eventos máis concorridos desta edición.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com , Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

OPINIÓN

Por Xoán Carlos Caballero Alonso

O Detrito Emérito,
o PSOE e Mr. Hide

Os ventos a favor, procedentes do lixo mediático, policial e xudicial, fragmentos de detritos navegan polas cloacas, capeando con éxito as cicloxénese explosivas, que a outros afundirían, cal barco de papel. Axitada e traballando a toda máquina está a caverna xornalística, difundindo o bulo, de que a democracia non tería sido posible sen a intervención do Benemérito.

A chegada deste personaxe a Galiza é unha desas datas para anotar no calendario. Un día humillante, vergoñento e que ven de retratar, aos que máis pronto que tarde, dirixirán a nación coa extrema dereita, apéndice infectada das súas entrañas que non se atreven a extirpar.

Para o alcalde de Madrid, a madrileña Almudena Grande non merece ser filla predilecta da súa terra, pero o Rei é unha peza clave é angular da democracia do país. Para o noso presidente Rueda, a visita de Su Majestad, sitúanos no mapa. E ten

razón, as desgrazas, por desgraza, adoitan dar a coñecer os lugares onde a acontecen. Chernóbil, Auswitch, Guernica... Porén, ningunha visita mellorará a publicidade que nos deu o Prestige, catástrofe que nos situou no mapamundi a perpetuidade. Cuca Gamarra di que "Sólo faltaba que el Gobierno diga algo sobre si un español puede volver a su país" Ayuso considera que o Detrito Emérito é o heroe da transición.

Por outra banda, temos ao partido, que na oposición prometía derogar a reforma laboral e a Lei Mordaza, cu-xos membros caracterízanse pola covardía cando están no poder e a súa valentía cando son oposición. Sánchez tivo que ser expulsado da executiva do seu partido para envalentonarse e recoñecer que sufriu presións dos poderes económicos e mediá-

ticos, que querían evitar un goberno alternativo a Rajoy. Feito gravísimo que pon en cuestión a calidade da nosa democracia e que demostra que non fai falla ir a Rusia para atoparse cos malévolos oligarcas. Agora, coma presidente, a frase máis contundente que se lle escoitou acerca do campechano foi, que este señor débenos unha explicación. Outra que demostra unha gran valentía é a exvicepresidenta Carmen Calvo, que tachou de bochornosa a aterraxe



do Borbón en Sanxenxo. Estas palabras non se atrevería a pronuncialas si estivese no goberno. García-Page declara que o Rei non merece "ensañamiento", más aún te-

niendo en cuenta "su perfil político y su aportación a la historia de España". Resumindo, o poder é, para o PSOE, como a apócema que convertía ao Doutor Jekyll en Mister Hide.

A Constitución é un fraude. Contradise ao afirmar, nun dos seus artigos, que todos somos iguais ante a lei, e noutro, que só hai un español que ten licenza para facer o que lle veña en gana porque nada lle vai a pasar. A metade do artigo 56.3, é o único da Constitución que o Rei sabe de memoria. Moi fácil de recordar e só ten unha palabra máis que o memorable "lo siento mucho me he equivocado y no volverá a ocurrir" Esta "pequena" broma da Carta Magna foi aproveitada para branquear capitais, defraudar, recibir comisións ilegais, subornar e acosar. A estas alturas a licenza está en vigor, por iso hai que estar atentos ás andanzas dos Borbóns, para asegurarnos de que a súa sede de facer o mal está saciada dunha vez por todas.



Carlos Méixome

Dúas madalenas

Como Proust cando recuperou a alma de Combray, e a súa, agochada naquel anaco de boliño moldeado como una valva de cuncha de peregrino, volvinme ver a min mesmo, en dúas circunstancias, ao repasar as primeira follas do libro, hai libros de historia local que son manuais de historia universal, escrito a catro mans polo xornalista Fernando Salgado e o transmisor de memoria Genito Otero. De súpeto ascendeu polos meus nefres un intenso arrecendo a allo, a mans que rematan de picar unha boa cantidade de dentes, pero aínda máis desagradábel; ollei o estoupido inicial ao prender a lámpada de carburo e o seu besbello de luz incerta, mentres os meus ollos degoirados non eran quen de afastarse dun cochiño de latón, pintado de cor vermella, que, entre outras chilindradas e unha inmensidade de rosquillas de Ribadavia ensartadas nunha vara de vimbio, ofertaba a rosquilleira nunha noite escura da festa. Non foi un ulido, senón o tacto daquelas restras de papel amarelado, amontoadas na extremo do mostrador, áspero, rugoso, februdo, sobre o que facía sumas sinxelas no ultramarinos no que traballaba na miña primeira adolescencia, antes de envolver

nel os produtos ou viandas, o que emerxeu co frescor da sorpresa ao ler o suxerinte título de Papel de estraza.

Pois foi nun papel de estraza onde se anotou a composición do goberno independente da Illa da Arousa aquel 10 de outubro de 1934, sobre o mostrador do bar "Nicho", situado onde houbera un cemiterio, rexentado por Juan Otero Mestú, responsábel de Información e Propaganda dun executivo, constituído entre risas e veras, que era expresión do profundo malestar dunha sociedade illada pero dependente para a súa mellora da continental



Vilanova. Os tempos estaban avoltos e, aproveitando o rebumbio provocado pola entrada da CEDA no goberno da República, que auguraba a eliminación definitiva das medidas reformistas do primeiro bienio republicano e presaxiaban un horizonte similar ao italiano ou alemán, os mariñeiros e mulleres da fábrica de conserva botáronse á folga e no papel de estraza engadiron ás reivindicación xerais o seu desexo de independencia municipal.

Cando gardas, carabineiros e de seguridade, entraron na Illa para restaurar a orde que só na mente dos gobernantes desaparecera atopáronlle aquel anaco de papel no peto de Segundo Nine Fernández, encargado da carteira de educación no

gobierno presidido por Santiago Otero Pouso "Pajares", con Andrés Mougán Cores, "Tormenta", en Xustiza, e Manuel Iglesias Dios, en Gobernación, Demetrio Ramos Lojo, en Facenda, e Avelino Fuentes García en Mariña. Catro dos sete eran militantes socialistas.

Figurar nesa listaxe converteuse nunha ameaza para a vida despois de xullo de 1936. Non podemos deternos. Exemplificamos co que lle aconteceu ao presidente do goberno anotado sobre o recorte dun prego de papel. Sobre as dez e media da noite do día 20 de setembro baten con estrondo na porta da súa casa; ante a pregunta de quen era, responden: España! Son uns gardas cívicos borrachos. Abre a muller cun neno nos brazos. Levan o "Pajares" ao local de tortura. De madrugada mátanos, amárranlle unha pedra e fondéano no mar. Houbo testemuñas agochadas. O peso da pedra non dá abasto e o corpo sae a flote algún tempo despois. Os veciños presencian a macabra escena. Chega o xefe da garda cívica, Benito Figueiras Silva "Gavilán", e, con outros dous, dende unha lancha, achéganse ata o lugar onde flota o cadáver. Átanlle unha pedra máis grande e vólveno fondear.



O PORRIÑO

V Feira do Pan do Porriño

Organizada pola Asociación de Panadeiros do Porriño e o Concello do Porriño, foi presentada a V Feira do Pan do Porriño, que se celebrará o sábado 11 de xuño. Asistiron ao acto de presentación o alcalde, Alejandro Lorenzo, os concelleiros de Comercio e Cultura, Antía Carrera e Bienvenido Estévez, o presidente da Asociación de Panadeiros do Porriño, José Manuel Fernández Grova, representantes das oito panaderías participantes (Amaquía, Argibay, Chinchina, Erundina, Los Milagros, O Forno de Mosende, Progreso e Torneiros), representantes de EFA A Canela, Fátima Estévez (profesora) e María del Carmen Gil (presidenta), así como das entidades e empresas colaboradoras.

Tamén estivo presente o escritor local, Diego Giráldez, que será o encargado de inaugurar a V Feira do Pan do Porriño coa lectura do pregón no seu barrio natal, San Bieito, que un ano máis acollerá o evento.



A apertura da Feira será ás 10 h cando o son das gaitas anime as rúas para dar paso á inauguración oficial co pregón, ás 11 h.

Ás 11:30 h celebrarase o tradicional Show Cooking con Pan do Porriño a cargo de EFA A Canela, que este ano chegará con sorpresas cun pequeno guiño contra a guerra, e de seguido a degustación de pinchos a cargo de Segredos Gastro Bar.

Xa pola tarde serán os nenos e nenas os que se poñan coas mans na masa para aprender a facer o seu pan no obradoiro Mini Pan (17:30 h). Ás 19 h

charla coloquio sobre historias do Pan do Porriño con Quico Paz Antón e Panadeiros do Porriño, seguida dunha desgustación de embutidos e queixos do país a cargo de Embutidos Distapor e o concerto de Argonat Band.

Unha das novidades deste ano será o fin de festa, cos concertos de KAF (20:45h) e Tony Lomba (21:45h).

Cabe destacar que este ano, en lugar dos postos por panadería, habilitarase un só stand de todos os panadeiros do Porriño onde poderemos adquirir os seus produtos.

A Copa Galicia de Baloncesto Adaptado Xogo disputouse no Porriño



O pavillón municipal do Porriño acolleu a Copa Galicia de Baloncesto adaptado para a categoría XOGO da Federación Galega de Deporte Adaptado. Ao longo de toda a mañá disputáronse seis partidos no polideportivo municipal.

Foron catro os equipos que se xogaron o campionato: Aceesca, Aspavi, San Rafael e Juan XXIII. Estes últimos foron os que se fixeron co primeiro posto, seguidos dos locais.

O alcalde, Alejandro Lorenzo, e o concelleiro de Deportes, Abel Estévez, achegáronse ao pavillón a disfrutar desta mañá de deporte e foron os encargados de entregar os trofeos aos xogadores e xogadoras.

“O meu recoñecemento público a estes deportistas que saen á cancha a dalo todo e á vez, sen pretendelo, a darnos unha lección de superación e empuje”, afirmou o alcalde, “Son verdadeiros campións e campioas todos eles”.

Gran Premio de ciclismo do Concello do Porriño

Porriño será de novo epicentro do ciclismo galego este sábado 11 de xuño, co Gran Premio Concello do Porriño Élite e Sub-23 que organiza o Club Master da Louriña. A proba presentouse nun acto no que estiveron presentes o alcalde Alejandro Lorenzo, o presidente do Club Master da Louriña, Juan Álvarez, o director técnico

da Federación Galega de Ciclismo, Jacobo Ucha e Rafael Pérez, de LASAL Cocinas, patrocinador do evento, entre outros.

Participarán 115 ciclistas que disputarán a carreira puntuable para a Copa de Galicia nun circuíto de 140 km.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns


LOURINHA

Galaxia edita "O libro da rosa" de Mos

A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, a concelleira de Cultura e Turismo, Sara Cebreiro, e o director xeral de Galaxia, Francisco Castro, informaron de que xa se atopa rematado e listo para lanzar ás librerías o gran proxecto editorial que ten ao emblema heráldico de Mos como protagonista: "O libro da rosa".

Galaxia comezou a traballar no volume fai xustamente un ano, coincidindo tamén coa Festa da Rosa a celebrarse

cada 13 de xuño. Trátase do 4º título dunha serie que a editorial comezou con "O libro dos libros", que foi seguido de "O libro dos trens"; logo saíu á luz "O libro da música" e agora "O libro da rosa" en colaboración co Concello de Mos. Este texto conta coas colaboracións de Agustín Agra, Vicente Araguas, María Canosa, Francisco Castro, Raquel Castro, Miriam Couceiro Castro, Xesús Fraga, Diego Giráldez, María Xosé Porteiro e Pura Salceda.



Mos xa ten letra para o seu himno

A través dun pleno municipal en Mos fixéronse públicas as votacións do concurso para elixir a letra do Himno de Mos, autoría do gaiteiro de Louredo, Xulio Lorenzo, no que resultou gañadora a proposta 2, presentada polos músicos mosenses Antonio Barros e Beatriz Gómez, Ialma.

Mos xa pode, polo tanto, cantar o seu himno, con letra composta por Antonio Barros e Ialma, e que será presentada oficialmente o 13 de xuño, Día da Rosa, sendo o himno o protagonista do Pregón deste ano. A votación constou de 3 xurados: profesional, voceiros da Corporación Municipal e público.



www.novasdoeixoatlantico.com

I encontro europeo MeetYourForest en Salceda



Os días 27 e 28 de maio tivo lugar en Salceda de Caselas o primeiro encontro internacional das entidades socias do proxecto europeo "MeetYourForest: Novos usos e xestión innovadora do monte".

Trátase dun proxecto aprobado dentro do marco do Programa Eu-

ropeo Erasmus+ para a posta en marcha de Proxectos de Cooperación no Ámbito da Educación de Adultos, contando cun financiamento da Unión Europea de 294.548,00€ e que se desenvolverá durante 24 meses. Participan no proxecto institucións de Galicia, Portugal, Noruega e Finlandia.

Torneos de baloncesto "Vila de Salceda"



O Concello de Salceda celebrou o 4 e 5 de xuño os torneos triangulares de baloncesto, infantil feminino e infantil masculino 'Vila de Salceda' organizados polo Club Baloncesto Caselas.

Participaron equipos procedentes de diferentes concellos galegos como Vigo, Rianxo e Cortegada completaron xunto cos equipos de Salceda os cadros de participantes dos torneos.

Colexio Plurilingüe

"LA INMACULADA"

Premio 2017 á Excelencia Educativa

Dende 1905 en Ponteareas



SALCEDA DE CASELAS

Reparcelación do polígono II do PERI do Centro de Saúde de Salceda

A Xunta de Goberno Local do Concello de Salceda de Caselas aprobou o proxecto de reparcelación do Polígono II do PERI (Plan Especial de Reforma Interior) UA-2.

O Concello pasará agora a dispor dunha nova parcela para equipamentos públicos, dúas parcelas de espazos verdes, unha parcela patrimonial e outra para vivenda protexida. A superficie total deste polígono II do PERI ascende a 20.229,33 m², dos que 5.662 m² corresponden a espazos libres e zonas verdes e 2.738,73 m² a zona de equipamento.

Completado este proceso, as persoas propietarias afectadas polo PERI pasan a ter parcelas edificables, xa sexan de xeito individual ou colectivo (proindiviso)



As persoas propietarias teñen un mes, dende a publicación desta aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, para presentar alegacións, do que foron informadas xa individualmente e nunha xuntanza informativa celebrada o 25 de maio.

Verónica Tourón Alcaldesa e Concelleira de Urbanismo: "A aprobación deste proxecto de reparcelación recolle as correspon-

dentes operacións de distribución equitativa de acordo coa Modificación Puntual xa aprobada no 2014. E supón un gran avance que garante a dispoñibilidade dunha importante área dotacional para a planificación de servizos básicos para a veciñanza de Salceda, pobo que medra en poboación e que debe medrar en servizos, aproveitando todas as oportunidades das que dispoñamos".

Salceda terá Mesa Local de Violencia de Xénero



O Concello de Salceda de Caselas convocou á constitución para o 30 de maio da súa Mesa Local de Coordinación interinstitucional fronte a Violencia de Xénero, que estará formada por representantes dos diferentes grupos políticos da corporación (PSdeG, MS e PP), así como por representantes dos diferentes corpos de seguridade do Estado e das institucións e organismos que se considere preciso.

En novembro de 2020 Salceda converteuse no primeiro Concello da provincia en renovar o protocolo Viogen, un programa de seguimento integral das vítimas de violencia de xénero que busca a coordinación de todas as forzas e corpos do Estado para a protección daquelas mulleres que o necesitan. En 2021 asinouse un protocolo co Ministerio do Interior no que se recolle a necesidade de constituír a Mesa de Coordinación.

Obras no aparcadoiro en San Xurxo

O Concello de Salceda realizou as obras de acondicionamento dun aparcadoiro na parroquia de San Xurxo. A alcaldesa Verónica Tourón e a tenente de alcalde Loli Castiñeira supervisaron as obras.

Este aparcadoiro nace dunha iniciativa de compra da parcela por parte da asociación veciñal, na que participaron colectivos da parroquia para que fose unha realidade, e no que agora colabora o Concello.



Prazo de inscrición para os cursos de natación 2022

O concello de Salceda de Caselas comunica a apertura do prazo de inscrición para os cursos de natación para os meses de xullo e agosto de 2022. O prazo de inscrición iniciárase o vindeiro 13 de xuño e os formularios terán que ser entregados, xunto cos xustificantes de pago das taxas, na Casa da Cultura Castelao.

Os prazos para a reserva son,

para a quenda de xullo ata o 27 de xuño e para a quenda de agosto ata o 27 de xullo.

O prezos mensuais serán de 25€ para as persoas nadas entre o 2008 e o 2018 e de 30€ para as persoas nadas antes do 2008.

A ficha de solicitude de inscrición poderase obter na paxina web do concello <http://salceda-decaselas.gal/> ou recoller na Casa da Cultura Castelao.

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-30-000036

PONTEAREAS
rúa san xurxo caído, 4

CONFITERIA Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Pontearreas 986 640 834

BAIXO MIÑO

TUI

Reproducción do diploma de Fernando II para a Catedral

Este 9 de xuño, coincidindo coa celebración do Día Internacional dos Arquivos, o Concello de Tui entregou á Catedral tudense unha reprodución facsímil do diploma concedido polo rei Fernando II á sede tudense no ano 1170. O acto contou coa asistencia do alcalde, Enrique Cabaleiro, e do deán do Cabido da Catedral, José Diéguez Dieppa.

Este documento en pergameo conservado na Catedral de Tui é un dos máis significativos privilexios reais concedidos á sede e á cidade de Tui ao longo dos séculos, neste caso polo Rei Fernando II no ano 1170. Neste documento asinado en Tui polo rei Fernando II e a súa esposa,



a raíña Urraca, VIII Kalendas Aprilis Era M CC VIII (24 de marzo de 1170) determina a ampliación da superficie da cidade, establece a construción de murallas e concédelle aos cidadáns de Tui unha carta foral

que garante o desenvolvemento da cidade como certo artellador deste espazo transfronteirizo que se desenvolve arredor da sede episcopal que, ata o século XV, abrangue territorios nos reinos de Castela e Portugal.

Campamento de Verán "Igal é +. Tui 2022"

Este 6 de xuño abriuse o prazo de inscrición no Campamento de Verán "Igal é +. Tui 2022" que organiza o Concello de Tui a través das concellerías de Igualdade e Deportes. Vai dirixido a nenas e nenos de 3 a 12 anos.

Ofértanse 150 prazas por quenda, reservándose 20 prazas para casos de exclusión social. O Campamento de Verán forma parte do Programa Municipal de Conciliación que ten por obxectivo



promover a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Mesa do Camiño de Santiago en Tui

O alcalde tudense Enrique Cabaleiro presidiu a reunión da Mesa do Camiño de Santiago celebrada o pasado 25 de maio, que contou coa participación de representantes dos distintos sectores – aloxamentos, restauración, servizos aos peregrinos, igrexa e movemento asociativo xacobeo – que forman parte da Mesa. Tamén estivo presente un representante de Turismo de Galicia, neste caso Ildefonso de la Campa, director de Administración e Relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago da S.A. Xacobeo.

Informouse que a Oficina Municipal de Turismo atendeu un total de 7.769 visitantes, deles 5.665 turistas (5.008 españois e



657 estranxeiros) xunto a 2.104 peregrinos (997 españois e 1.107 estranxeiros). Cabaleiro salientou a importancia estratéxica para Tui tras a recente certificación por parte do Goberno de Portugal do Caminho Português da Costa entre Porto e Valença e que abre novas expectativas.

Turismo de Tui atendeu en maio 2.713 visitantes

O número de visitantes rexistrados na Oficina Municipal de Turismo durante o mes de maio foi 2.713, dos que 1.209 foron peregrinos (607 de procedencia internacional e 602 nacionais) e 1.504 turistas (1.216 nacionais e 288 internacionais).

Os 607 peregrinos de procedencia internacional atendidos na Oficina de Turismo tudense tiñan como orixe, en primeiro lugar, Alemaña con 196 peregrinos, seguidos por EEUU (79),



Italia (74), Portugal (50) Reino Unido (43), Países Baixos (27), Brasil (19) Os 288 turistas internacionais qeran oriúndos maioritariamente de Portugal

(86) pero tamén de nacións mais distantes xeograficamente coma Países Baixos (58), Francia (27), Arxentina (26), EEUU (16), Alemaña (12) ou Canadá (10).



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

GASOLEOS
TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

Tui celebra o Día Internacional de Tecer en público

A praza da Inmaculada será o escenario o 11 de xuño das actividades previstas para o Día Internacional de Tecer en Público, con iniciativas organizadas por Cucapuntos e M y R Abalorios, coa colaboración do

Concello de Tui e de TejeTui, contando coa participación das mercerías locais Elia, Fiadeiras e Ideas.

Durante o mes de xuño todas as persoas que realicen unha compra mínima de 5€ nas mer-

cerías locais entrará no sorteo dunha cesta de produtos cedidos polas propias mercerías e dun moneco amigurimi tecido por Cucapuntos que se realizará o 4 de xullo na Radio Municipal de Tui.



Axenda Urbana reuniuse coas parroquias



As Comunidades de Montes en Man Común das parroquias de Baldráns e Caldelas de Tui e as asociacións A Insua, Acueducto e Val de Flores así como membros da asociación comisión de festas de Baldráns reuníronse co equipo da Axenda Urbana de Tui para analizar o presente e conversar sobre o futuro das súas parroquias.

O concello de Tui iniciou a redacción da súa Axenda Urbana, documento estratéxico que marcará o crecemento do con-

cello ao longo dos vindeiros dez anos. Polas súas fortalezas a Unión Europea e o goberno de España a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, decidiron apostar por Tui converténdoo no único concello da provincia de menos de 20.000 habitantes con financiación para redactar a súa Axenda Urbana.

O alcalde, Enrique Cabaleiro, lembrou que dos 8.131 concellos que hai en España tan só 121 foron seleccionados para a redacción dunha Axenda Urbana.

Mención Honorífica Especial ao debuxante Martín Rodríguez

O Concello de Tui acordou concederlle ao debuxante tudense Martín Rodríguez Álvarez unha Mención Honorífica Especial en recoñecemento a súa traxectoria persoal e artística, onde a cidade de Tui ten ocupado un lugar preeminente.

Profesional da Armada leva moito anos residindo en Santa Cruz de Tenerife pero mantendo

unha constante relación coa nosa cidade e as súas xentes.

Martín Rodríguez, nado en Tui en 1938, é autor dunha ampla obra gráfica dedicada á nosa cidade e ten contribuído coa súa produción gráfica e artística á difusión de Tui e o seu patrimonio cultural, como queda expresado nos seus libros "Tuy en blanco y negro" (1985) e "Recuerdos de Juventud" (2018).

TEJEMARATÓN Tui 2022

Con motivo del **Día Internacional de Tecer en Público** os invitamos a participar en las jornadas teje festivas del mes de junio en Tui.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

YARN BOMBING Para adornar la Plaza de la Inmaculada
Tejejuntas: confeccionaremos banderines.
Cuadrado: TejeTui realizará una creatividad decorativa con grannies.

TALLERES GRATUITOS
 En horario de mañana los sábados de junio a partir de las 11.

Sábado 4 de junio: Coletero (material cedido por abalorios MYR)
Sábado 18 de junio: Bolsa hippie (inscripción sujeta a la compra del material en mercerías locales, coste aprox. 12 €). En el **Liceo Casino Tui**.
Sábado 25 de junio: Funda arcóns para botella de agua. En los jardines del Perredo (material cedido por abalorios MYR).

DÍA INTERNACIONAL DE TEJER EN PÚBLICO

Sábado 11 de junio
Plaza de la Inmaculada

(Trae tus trabajos para exponerlos, tu labor y tus mejores galas TEJERILES para lucirlas en la mejor compañía!)

10:30 Desayuno rico rico en **Ideas Peregrinas**. Reserva anticipada.
12:00 Tejeremos, compartiremos proyectos, nos conoceremos
14:00 Comida en teje-familia, en **Tapas e Viños Tui** (reserva anticipada)
16:30 Volvemos a la plaza a tejer un buen rato y compartir truquillos
19:00 Sorteo para participantes en el evento, con una participación adicional compartiendo tus fotos en RSSS #tejemaratontui

Lunes 4 de julio Sorteo
 Participa con compras (mín. 5€) durante el mes de junio en las mercerías locales.
Premios:
 Cestas cedidas por las mercerías participantes.
 Muñeco amigurimi tejido por Cucapuntos.

INSCRIPCIONES: tejemaratontui@gmail.com

MÁS INFORMACIÓN:

Organizan:

Colaboran:

Participan las mercerías:

y las marcas Casasol, DMC y Ianas Katia.

BAIXO MIÑO

XXX Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira da Guarda

Este ano a Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira celebra a súa XXX edición os días 1, 2 e 3 de xullo. Dende o ano 2009 leva organizándose a Feira de Artesanía na rúa Porto e que forma parte da programación desta festa que mestura gastronomía, cultura, música e entretemento.

O Concello da Guarda retoma así unha das festas gastronómicas destacadas de Galicia e coa que se inaugura a programación de verán 2022 na Guarda.



A Piscina Municipal da Guarda estará pechada no mes de xullo

O Concello da Guarda informa de que, ao longo do mes de xullo de 2022, a Piscina Municipal estará pechada e realizaranse diferentes traballos nesta infraestrutura municipal.

Estes traballos consisten na adecuación á normativa vixente de parte das instalacións da Piscina Municipal e diferentes tra-

ballos de conservación e mantemento, coincidindo os mesmos co peche anual da piscina por vacacións.

A previsión é que estes traballos non se demoren máis dun mes e que se realicen coincidindo



co peche anual da piscina no mes de xullo.

Suspendido o ferri entre A Guarda e Caminha

Na reunión mantida á petición do alcalde da Guarda, Antonio Lomba, coa presidenta de portos de Galicia, Susana Lenguas, á que tamén acudiu o presi-

dente da cámara de Caminha, Miguel Alves, a responsable das instalacións de atraque do ferri trasladou aos mandatarios municipais a grave situación actual do embarcador e a complexi-

dade da reparación que hai que acometer.

A obra de reparación podería rondar os 300.000 € e estímase para 2023 a súa execución.

'Degusta Europa' remata na Guarda



Despois de recalar no Grove, Mondariz, Pontevedra, Gondomar e Vigo, o programa "Degusta Europa" da Deputación de Pontevedra puxo o broche de ouro a esta edición na súa última cita, que tivo lugar no mercado municipal da Guarda.

Os veciños puideron gozar dun menú baseado en pratos de países

como Francia, Italia, Suíza, Grecia, Dinamarca, República Checa, Holanda, Bélxica ou Irlanda pero elaborados con produtos quilómetro cero que se poden atopar no día a día nos mercados como o da Guarda. O menú do mercado da Guarda foi elaborado polo alumnado de hostalería do CIFP Manuel Antonio de Vigo.

Visitas guiadas ao Monte Santa Trega

O Padroado Municipal de Santa Trega anunciou a ampliación das visitas guiadas ao Monte Santa Trega du-

rante os meses de xullo e agosto, con visitas de martes a domingo e 4 visitas ao día (12:00, 13:00, 18:00 e 19:00h)

Solicitud de permiso para as fogueiras de San Xoán na Guarda

Ante a proximidade da celebración da Noite de San Xoán, dende a Policía Local da Guarda infórmase que todos aqueles que desexen facer unha fogueira deberán solicitar o permiso nas súas oficinas da Praza do Reló.

Ademais, pónense a disposición

dos guardeses e guardesas que teñan dúbidas sobre como e onde se poderán facer estas fogueiras.

Dende o Concello da Guarda agrádese a colaboración de todos os veciños e veciñas da vila para entre todos desfrutar da noite e facer dela unha festa segura.

**forjados
hinos. duran s.l.**



www.forjadosduran.com



REQUEIXO E MEL
As Neves



Sociedade Cooperativa Agraria Condado Paradanta
Caiña, As Neves 986 64 86 25

Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño achégase a Portugal

O Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño dá o salto a Portugal na súa promoción. Autoridades galegas e lusas mantiveron un encontro no WOW Porto de Vila Nova de Gaia con influencers e representantes de axencias de viaxe e empresas do sector para presentar o territorio.

No encontro participaron os 14 alcaldes do xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño, neste caso Mos, Gondomar, Baiona, O Porriño, O Rosal, Nigrán, Soutomaior, Pazos de Borbén, Redondela e Tui, así como responsables das cámaras municipais de Valença, Ponte de Lima, Vila do



Conde e Gondomar, así como Carlos López Font, deputado provincial da Deputación de Pontevedra, entre outros.

O acto rematou cun menú degustación elaborado pola Xanela Gastronómica, representativo dos produtos da zona.

Xornadas laborais do GALP Ría de Vigo-A Guarda e Concello de Cangas

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) da Ría de Vigo - A Guarda e o Concello de Cangas organizan unha xornada informativa e de orientación sobre o sector do mar o vindeiro 14 de xuño ás 12:00 horas na Casa de Oficios Lorenzo Corbacho.

A sesión está dirixida a persoas desempregadas maiores de

18 anos que estean empadroadas nos concellos da área do GALP Ría de Vigo-A Guarda (Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda) e teñan interese en descubrir todo o potencial que ten o noso mar para crear emprego.

No encontro daranse a coñecer as oportunidades laborais que

ofrece o sector, os diversos oficios que abrangue (pesca, marisqueo, acuicultura), as titulacións e centros de formación que resultan de interese, así como aqueles recursos para a busca activa de emprego. Esta xornada será a primeira dun ciclo informativo que ten como obxectivo darlle visibilidade a todas as saídas profesionais que xera o mar.

A Xunta contratará 16 socorristas para o Baixo Miño, O Condado e A Paradanta

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, vai financiar a contratación de 16 socorristas para a próxima campaña de verán en seis concellos das comarcas do Baixo Miño, O Condado e A Paradanta ao abeiro da orde de axudas para o fomento

do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais.

A Consellería aprobou seis axudas de salvamento a prol do Concello da Guarda para as súas praias por importe de 18.660 euros, dúas para a praia fluvial de Goián en Tomiño (6.220 eu-

ros), outras dúas para Pontearreas (7.200 euros), dúas para as piscinas da Cañiza (6.430 euros) e das Neves (7.066 euros) e unha para a praia fluvial de Eiras no Rosal (3.110 euros) e outra para a piscina de Covelo (3.110 euros). En todos os casos, subvenciónase a contratación por espazo de dous meses.

Curso de terapia emocional

A Asociación Érguete Baixo Miño convoca un curso de "Terapia Emocional: positividade e canalización das emocións" dirixido preferentemente a persoas maiores de 50 anos.

Este curso pretende dotar ás persoas dunha serie de ferramentas que axuden na autoxestión emocional. Tamén para adquirir

destrezas no desenvolvemento de técnicas de relaxación e para acadar hábitos para aplicar na actividade diaria que combatan o estrés e a ansiedade.

Esta formación conta cunha duración de 30 horas e comeza o martes día 21 de xuño en horario de mañá de 09:30 a 12:30 h. no local social da Asociación.

"Contamaxias" na Guarda

A Biblioteca Pública Municipal da Guarda acolle este 11 de xuño ás 12:00h o evento "Contamaxias" do Mago Paco. Trátase dun evento de maxia divertida para nenos e nenas a partires do 3 anos de idade cunha duración aproximada duns 50 minutos.

Esta actividade está incluída no programa Ler conta moito, un

programa de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas promovido pola Xunta de Galicia en colaboración coas entidades locais. A través deste programa, as bibliotecas integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ofrecen actividades variadas para achegarlle á cidadanía a lectura e a información dunha maneira lúdica e atraente.

Programa Mírate da Asociación Érguete no cárcere de Teixeiro

As mulleres da prisión de Teixeiro recibiron durante estes meses unha formación da man da Asociación Érguete para protexerse das recaídas nas adiccións. As educadoras sociais do programa Mírate,

que a entidade desenvolve no centro penitenciario, acompañaron dende xaneiro ás internas para dotalas de ferramentas que as axuden a non volver caer no consumo e que faciliten a súa vida en prisión e en liberdade.

Recollida de residuos do "Proxecto Libera" na praia do Muíño

Organizada pola Deputación de Pontevedra xunto con SEO/BirdLife unha recollida de residuos na Praia do Muíño, este sábado día 11 de xuño as 10:00h da mañá e que terá unha duración aproximada dunhas 2 horas.

Nesta actividade poderán participar ata 20 persoas, acompañadas en todo momento por un monitor e para participar deberán cumprimentar o formulario web habilitado(é importante para poder facerlle un seguro por se

houbera un accidente) na páxina da Deputación de Pontevedra.

Esta actividade enmarcase no "Proxecto Libera", cuxo obxectivo é liberar basurala de espazos naturais de toda España. Nel aplícanse metodoloxías para recompilar o maior número de datos posibles, rexistrados no "barómetro da basurala". Esta información incorpórase ás bases de datos do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para coñecer a cantidade, o volume e o tipo de lixo recollido nestas zonas.

BAIXO MIÑO

Dende o día 31 de maio, tras a firma ante notario do presidente da Banda e o presidente da Comunidade de Montes de Guillarei, a Banda de Música Popular en Tui conta cun local de ensaio, despois de chegar a un acordo coa Comunidade.

Tras a assemblea do día 3 de abril de este ano, os comuneiros deron o visto bo para poder levar a cabo esta cesión de 15 anos, a cambio de reformar o edificio e realizar o seu mantemento. O local cedido é o antigo centro

A Banda de Música Popular de Tui volta a ter un local de ensaio despois de dous anos



cultural desta parroquia que actualmente está en desuso, aínda que era empregado nalguns oca-

sions par impartir algunhas actividades e ensaios da propia asociación Lembranzas.

Esta situación de inestabilidade xurde no 2020, debido a que a administración local e o propio Conservatorio, non lle permitía continuar coa súa actividade no edificio do Conservatorio, sin ningunha alternativa enriba da mesa, onde levaban facendo os seus ensaios dende mais de 20 anos.

En breves, a Banda comenzará

coa reforma do edificio, para a cal, contan cunha subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, así como de fondos propios. Esta axuda ven concedida para a creación dunha Escola de Música, na que se formarán todas as persoas que queiran aprender un instrumento. Dende a asociación, contan que se poida comezar a facer as solicitudes de praza a partir de xullo e realizar a inauguración da Escola en setembro, que coincidirá co inicio das clases.

Segunda fase das obras da EP-3303 Tabagón-Goñán

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva e a alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández, visitaron a estrada EP-3303 entre Tabagón e Goñán, onde Silva anunciou que a primeira fase da intervención vén de recibir unha axuda de 470.000 € do IDAE no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, o que permitirá que o Concello do Rosal aforre preto de 95.000 €.

Entre as novas medidas nesa estrada reducirase a velocidade máxima a 30 km/h, se ben baixará



a 20 km/h na zona da escola unitaria, así como unha redución do consumo de enerxía final do 9,2% e do 9,6% en canto a emisións.

Tamén facilitará a mobilidade peonil de veciños que van a Tomiño, así como peregrinos que fan o Camiño Portugués pola Costa.

O Rosal saca a licitación a reforma para facer o pavillón municipal máis accesible

O Concello do Rosal vén de sacar a licitación a instalación do ascensor e a reforma interior do pavillón municipal para a mellora da accesibilidade vertical mediante a instalación dun ascensor, así como para a adecuación das zonas de vestiarios e aseos, unhas obras que continúan a senda de mellora destas instalacións deportivas tras a reforma dos vestiarios locais e

do cambio de chan para que usuarios e usuarias puideran practicar deporte de xeito seguro.

Este proxecto de mellora levaranse a cabo a través dun convenio de colaboración ente o Concello e a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que financiará o 60% da reforma. As empresas e entidades interesadas poderán presentar as súas propostas ata o vindeiro 26 de xuño.



Oia remata a pasarela peonil sobre o río Tamuxe en Loureza

A Xunta de Galicia e o Concello de Oia veñen de rematar as obras de reconstrución e mellora da pasarela colgante peonil sobre o río Tamuxe na zona de Loureza grazas a un convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a administración local que facilitou o financiamento da actuación cunha achega autonómica de 90.495€.

O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Luís López, e a alcaldesa de Oia, Cristina Correa, supervisaron a conclusión dos traballos e o resultado final desta infraestrutura de paso, que se reparou de xeito integral para corrixir o deterioro dos materiais, ao tempo que se adecuaron todos os



accesos cara esta ponte nesta contorna do lugar de Acevedo, nas proximidades co límite co Concello do Rosal.

Cómpre sinalar que este remozado recurso turístico sitúase nas inmediacións de Monte Redondo e Cova do Lobo, dous dos

puntos interiores máis visitados de Oia e nos que se proxecta a creación dunha aula de natureza, e serve para seguir potenciando un municipio que é clave no percorrido do Camiño Portugués pola Costa e que cada día recibe a milleiros de turistas.

"Degusta Europa" en Gondomar



No marco do programa "Degusta Europa", o Mercado de Gondomar acolleu a 40 alumnas e alumnos e profesorado do CFP Manuel Antonio de Vigo encargadas/os de elaborar ata preto de 1.400 tapas que ofreceron á veciñanza da vila, ao deputado e á deputada provinciais, Santos Héctor Rodríguez e Iria Lamas, e a concelleiras e concelleiros de Gondomar entre os que se atopaban Rocío

Goberna, Brais Misa, Nuria Lameiro e José Manuel Chamorro.

Este programa, que lanzou no 2016 a Deputación de Pontevedra para conmemorar o Día de Europa, desenvólvese en Mercados e Prazas de Abastos de concellos da provincia, da man do CFP Manuel Antonio de Vigo e o CFP Carlos Oroza de Pontevedra. Tras O Grove, Mondariz, Pontevedra e Gondomar, este programa rematou a finais de maio en Vigo e A Guarda.

Mostra de fin de curso da Escola Municipal de Teatro de Tomiño

Un ano máis, tras o parón provocado por mor da pandemia, a Escola Municipal de Teatro de Tomiño, presenta a súa mostra de final de curso este 11 e 12 de xuño no Auditorio Municipal de Goián.

Actuarán o grupo infantil e o xuvenil coa obra "OS REIS CAÓTICOS" e o grupo xuvenil representará "BOOCKCROSSING".

Ambos espectáculos con entrada de balde.

A Escola Municipal de Teatro abrirá en setembro de 2022 o prazo de inscrición. Agárdase poder contar con varios grupos de infantil, mocidade e adultos. Trátase dunha entidade xa consolidada con varios anos de funcionamento, que foi crescendo pouco a pouco para dar resposta á demanda da poboación e acabar

converténdose en referente cultural na comarca do Baixo Miño.

As aulas son eminentemente prácticas onde se traballan aspectos básicos da creación escénica, como expresión dramática, improvisación, expresión oral, movemento expresivo, ritmo ou creación de personaxe, técnicas que se aplicarán nas pezas teatrais que o alumnado representa a final de curso.

Versión soviética de Carmen en Vigo

A Orquesta Clásica de Vigo pecha este 9 de xuño, a temporada Correspondencias cun concerto para descubrir unha increíble revisión soviética da Carmen de Bizet, realizada polo por Rodión Shchedrin. A cita coa formación é o 9 de xuño, ás 20.30 horas no Teatro Afundación de Vigo.

Rodión Shchedrin realiza a versión da Suite de Carmen en 1967

baixo o encargo da súa muller, a bailarina do ballet Bolshoi Maya Plisetskaya, e o coreógrafo cubano Alberto Alonso.

O quinteto está formado polos músicos Andra Agra, Carlos Castro, David Rodríguez, Héctor Varela e Pablo Soto, que levarán o peso melódico do concerto empregando ata 47 instrumentos de percusión diferentes que golpearán, axitarán ou rasparán.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

PONTEVEDRA

Experiencias de xestión de residuos en Euskadi, Navarra e Cataluña

Representantes do plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra e dos concellos de Poio, O Grove, Sanxenxo, Vilagarcía, Mancomunidade do Morrazo, Valga, Soutomaior, Tomiño, A Guarda, Tui, Mondariz, As Neves, Ponteareas e A Cañiza, comezaron en Euskadi a súa viaxe formativa para coñecer novos sistemas de recollida de residuos que poder aplicar en territorio pontevedrés. A viaxe formativa continuará tamén por Navarra e Cataluña.

Neste percorrido coñeceron a eficacia da recollida Porta a Porta (PaP), con resultados "indiscutibles" tanto en calidade como



en rapidez á hora de mellorar as taxas de reciclaxe e compostaxe. Na primeira fase da viaxe formativa visitaron os municipios vascos de Kripán, da mancomunidade de Sakana e o concello

de Usurbil, que explicaron como melloraron as súas cifras en pouco tempo dun 20% ata un 85%, moi por riba do que nestes momentos esixe a normativa europea para este ano 2022.

Cursos de español para inmigrantes en Vigo

A sede da Deputación de Pontevedra en Vigo acolle entre maio e xuño o primeiro dos tres cursos de español para persoas inmigrantes que organiza a institución provincial este ano, no que participan un total de 20 persoas procedentes de Brasil (8), Marrocos (6), Senegal (4), Angola e Nixeria.

Dezasete destas persoas residen en Vigo, e as tres restantes nos concellos do Porriño e Cangas. Esta acción formativa está encamiñada a que persoas non hispanofalantes poidan preparar e superar a proba DELE (Diploma de Español Como Lingua Estran-



xeira) A2, un requisito indispensable para acadar posteriormente a nacionalidade española.

En setembro se realizarán as outras sesións formativas en Vigo e Pontevedra.

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDIOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1ºB
654 07 57 51 Ponteareas

Asemblea dos 'Concellos Ágora'



Os 'Concellos Ágora' reuníronse en asemblea para coñecer novas iniciativas da Rede para este exercicio, no que se repartirán 2 millóns de euros en subvencións para redactar proxectos. A xuntanza estivo liderada pola presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, e o deputado Uxío Benítez.

A Deputación de Pontevedra porá a disposición unha 'Ordenanza Ágora' para dotar de seguridade xurídica aos municipios que recuperen espazo público dos coches para as persoas. Os proxectos e obras executados coas subvencións Ágora de 2021 permitirán recuperar 100.000 metros cadrados de espazo público. Ese foi un dos datos que se deu a coñecer hoxe na segunda Asemblea

Ágora celebrada con 39 dos Concellos da Rede Ágora.

Na reunión da Asemblea Ágora estiveron hoxe presentes alcaldes, alcaldesas e concelleiros e concelleiras dos concellos de Poio, Cerdedo-Cotobade, Pontecaldelas e A Lama da comarca de Pontevedra; de Mos, Soutomaior, Pazos, Salceda e O Porriño da área de Vigo; de Moraña, Catoira, Valga, Portas e Pontecesures da comarca de Caldas, do Rosal, Tui e Tomiño do Baixo Miño; Gondomar do Val Miñor; Marín, Vilaboa, Moaña e Cangas do Morrazo; Meis, O Grove, Illa de Arousa, Meaño, Sanxenxo, Ribadumia, e Vilagarcía do Salnés; Mondariz, Mondariz Balneario, A Cañiza, Ponteareas, As Neves, Salvaterra e Covelo do Condado-Paradanta; e Vila de Cruces do Deza-Tabeirós.

"Vieiro polo Museo con Florencio Delgado" en Pontevedra

O Museo de Pontevedra acolle 11 de xuño un 'Vieiro polo Museo de Pontevedra con Florencio Delgado'. Trátase dun percorrido pola traxectoria vital e literaria do autor protagonista este ano do Día das Letras Galegas guiado por Polo Correo do Vento a través de artistas que colaboraron con el na revista Vieiros ou tiveron contacto ao longo da súa vida: Castelao, Seoane ou Arturo Souto, entre outros.

Xa da man do departamento provincial de Lingua, tamén continúan no mes de xuño as actividades para conmemorar as Letras Galegas coa xira do espectáculo



'De Valdeorras a México. Terra A Nosa'. As representacións, que xa comezaron en maio, seguirán no CEIP Pazos de Borbén, na biblioteca municipal de Tui, Baiona (lugar por determinar); Meis; no Auditorio Municipal do Rosal, e o 29 en Redondela no Centro Cultural Manuel Lamazares.

Volve o foro "As Mulleres que opinan son perigosas"



A volta á presencialidade do foro "As mulleres que opinan son perigosas" será os días 10 e 11 de xuño no Edificio Castelao Museo de Pontevedra. Esta quinta edición do encontro, financiado pola a Deputación e o Concello de Pontevedra, retransmitirase tamén en streaming e contará coa presenza de 18 mulleres xornalistas converténdose así na edición con maior número

de convidadas.

Participarán as xornalistas Mercedes Milá, Mamen Mendiábal, Ana Pardo de Vera, Paloma del Río, Joana Bonet, Margaryta Yakovenko, María Varela, Inma López Silva, Diana López, Ángeles Caballero, Marta García Aller, Fernanda Tabarés, Almudena Sánchez, Luz Sánchez Mellado, Estefanía Molina, Carolina Sertal, Marta Otero e María Piñeiro. a suscitar un gran interese.

Cursos de Verán da UNED en Pontevedra

A 33ª edición do programa de cursos de verán da UNED abrangue en 2022 unha ampla oferta, con oito cursos que se van impartir entre Pontevedra, Vigo, o Centro Penitenciario da Lama, Portas e, por vez primeira, Lalín. O programa foi presentado na sede do Concello de Pontevedra polo director do centro pontevedrés, Víctor Manuel González, acompañado

polo alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores e a presidenta da Deputación, Carmela Silva.

A oferta de cursos inclúe a Axenda 2030, a loita contra a violencia de xénero, medios de comunicación e política, a prevención do envellecemento cognitivo, sostibilidade, patrimonio no Camiño de Santiago, e a LOMLOE e a educación infantil, entre outros.

Somos Sanxenxo avoga pola seguridade cidadá

Somos Sanxenxo reivindicou a necesidade de tomarse en serio a seguridade nos areais do concello de Sanxenxo, en particular ante os accidentes viarios como isto afecta ao turismo local.

Toda vez criticaron os recurtes

orxamentarios nestas áreas denunciaron a tardanza na colocación de boias sinalizando a zona de baño e canal de arribo, así como a inexistencia dun servizo de socorrismo ata o 15 de xuño en Montalvo, Canelas, Silgar e Areas, e o resto de areais a partir do 1 de xullo.

Convenio Deputación e CSIC sobre patrimonio arqueolóxico

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva; o delegado do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), Javier Rey e o director do Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPI), Felipe Criado, entre outros, asinaron o convenio, valorado en 400.650 euros e con vixencia ata 2024, para realizar novas intervencións en xacementos arqueolóxicos da provincia.

O obxectivo do convenio é



analizar e estudar tanto as coleccións existentes como novos materiais, impulsar actividades de divulgación e, finalmente,

apoiar aos concellos nun ámbito tan específico como a investigación, preservación e promoción do seu patrimonio arqueolóxico.

GADIS DACHEMAIS

SORTEAMOS 10 FINS DE SEMANA NAS CABANIÑAS DO BOSQUE

Curtos - A Coruña

2 NOITES PARA 2 PERSOAS CON ALMOZOS INCLUIDOS

Participa por cada 20€ de compra do 2 ao 22 de xuño.

Non acumulativo o gadis.me.com

Xacobeo 21-22

GADIS

Ponteareas homenaxea a Xosé Represas

C oncello e veciñanza de Ponteareas renderán unha sentida homenaxe ao seu anterior alcalde, Xosé Represas, cando acaba de cumprirse un ano do seu pasamento.

O acto terá lugar este sábado 11 de xuño a partir das 20.30 horas na Praza de Bugallal e contará coa actuación das bandas de música Reveriano Soutullo, Unión de Guláns e Xuvenil de Xinzo. Ademais, durante a homenaxe estrearáse o pasodobre 'Alcalde Represas', obra do compositor ponteareán José Luis Represas, en cuxa interpretación participarán tamén a Coral Centro Artístico Sportivo e a Coral Santa Mª de Areas.

A rexedora Cristina Fernández Davila convida a todos os veciños e veciñas a participar nesta homenaxe coa que amosar o seu cariño e agarimo a Xosé Represas, "unha persoa entrañable, querida e apreciada por todas e todos os ponteareáns" que destacou pola súa entrega e compromiso coa súa vila.



Alumno de Salvaterra obtén podio da competición "Skills Galicia"



O alumno de FP Básica de Carpintería e Moble do IES de Salvaterra de Miño D. Jorge Solleiro Fernández, veciño de Salvaterra de Miño, conseguiu o segundo posto na súa categoría, Carpintería e Moble, na competición de Galicia Skills celebrada o pasado día 31 no CIFP Ferrolterra de Ferrol.

Segundo nos conta D. Enrique Pena López, profesor titor do noso alumno, o cal o acompañou durante as probas, a competición

estivo moi reñida pois practicamente todos os institutos e centros integrados de Galicia asistiron á competición.

Jorge Solleiro tivo que fabricar un dispositivo de soporte para móbil e auriculares en madeira. O deseño é común para todos os alumnos participantes a fin de centrar a valoración nas destrezas dos alumnos.

A entrega de premios celebrouse este pasado día 3 en Santiago de Compostela.

LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291